



# Tratamento de datos persoais

## QUEN É O RESPONSABLE DO TRATAMENTO DOS MEUS DATOS?

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A. ("BBVA"), con domicilio social en Plaza San Nicolás 4, 48005, Bilbao, é o responsable do tratamento dos datos persoais que nos facilites na presente solicitude. Enderezo electrónico: [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com)

## PARA QUE NECESITA O BBVA TRATAR OS MEUS DATOS?

O BBVA necesita tratar os teus datos persoais para xestionar a presente solicitude, así como para evitar duplicidade de xestións ante novas formulacións desta ou outra similar que realices. Se non nos subministras os datos que che solicitamos no proceso non poderemos tramitar a túa solicitude. No caso de que non finalices o proceso de solicitude, trataremos os teus datos para poder pórnos en contacto contigo e axudarte ante calquera dúbida ou consulta relacionada coa finalización deste proceso.

## O BBVA CONSULTA OS TEUS DATOS QUE CONSTEN NA CENTRAL DE INFORMACIÓN DE RISCOS DO BANCO DE ESPAÑA (CIR) E NOS FICHEIROS DE SOLVENCIA?

Efectivamente, o BBVA pode consultar os teus datos na CIR para valorar a túa solvencia, se solicitas ou mantés produtos ou servizos de financiamento connosco. A CIR é un servizo público que xestiona unha base de datos de préstamos, créditos, avais e riscos entre as entidades financeiras e os seus clientes. O BBVA está obrigado a comunicar ao CIR os riscos das túas operacións bancarias como cliente, canda os teus datos persoais e, se o foses, a túa condición de empresario individual.

Adicionalmente, para poder tramitar a túa solicitude o BBVA necesita consultar os datos que figuren ao teu nome en ficheiros de solvencia patrimonial e crédito para a xestión desta e análise da túa solvencia económica.

## PODE TRATAR O BBVA DATOS DE OPERACIÓNS EXTINGUIDAS PARA XESTIONAR ESTA SOLICITUDE?

No caso de que xa foses cliente, informámoste de que o BBVA necesita consultar os datos das túas operacións bancarias dos últimos doce (12) meses, incluídos os relativos á evolución dos pagamentos das devanditas operacións para xestionar a presente solicitude.

## QUE COMPROBACIÓNS FAI O BBVA PARA VERIFICAR A INFORMACIÓN QUE NOS FACILITACHES NESTA SOLICITUDE?

Necesitamos que acredites a túa vida laboral, así como a túa declaración do IRPF para prever a fraude.

### Verificar a túa vida laboral

Pódesnos presentar a documentación orixinal que o acredite ou, se prefires, facilitarnos o código de acceso en liña que recibas da Tesourería Xeral da Seguridade Social (clave dun único uso) para que a poidamos consultar no teu nome (só para comprobala).

### Verificar a túa declaración do IRPF

Pódesnos presentar a documentación orixinal que o acredite ou, se así o prefires, facilitarnos o código seguro de verificación que aparece nas túas copias da declaración do IRPF.



### **CANTO TEMPO CONSERVARÁ O BBVA OS TEUS DATOS PERSOAIS?**

Conservaremos os teus datos persoais (incluída a túa solicitude) durante:

- (i) 24 horas se non finalizas o presente proceso de solicitude
- (ii) 6 meses se finalizas o presente proceso de solicitude

Se o BBVA denega a túa solicitude manteremos tanto a propia solicitude como os datos que se fixeron constar nela bloqueados durante 6 anos, en cumprimento da normativa vixente. Logo de que transcorra calquera dos devanditos prazos, os teus datos persoais serán suprimidos.

### **VANSE COMUNICAR OS MEUS DATOS?**

Nunca a terceiros, salvo que a lei nos obrigue.

### **CALES SON OS MEUS DEREITOS EN RELACIÓN CO TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS?**

- Consultar os datos persoais que se inclúan nos ficheiros do BBVA (dereito de acceso)
- Solicitar a modificación dos teus datos persoais (dereito de rectificación)
- Solicitar que os teus datos persoais non sexan tratados (dereito de oposición)
- Solicitar a supresión dos teus datos persoais (dereito de supresión)
- Limitar o tratamento dos teus datos persoais nos supostos permitidos (limitación do tratamento)
- Recibir, así como transmitir, a outra entidade, en formato electrónico, os datos persoais que nos facilitases e aqueles que se obtiveron da túa relación co BBVA (dereito de portabilidade)

Podes exercer ante o BBVA os citados dereitos a través das seguintes canles:

- enviando un escrito ao Servizo de atención ao cliente do Grupo BBVA, APDO.: 1598 - 28080 Madrid;
- enviando un correo electrónico a: [derechosprotecciondatos@bbva.com](mailto:derechosprotecciondatos@bbva.com)
- presentando un escrito en calquera das oficinas do BBVA.

Responsabilízaste da veracidade dos datos persoais que facilitas ao BBVA e de mantelos debidamente actualizados. Se consideras que non tratamos os teus datos persoais de acordo coa normativa, podes contactar co delegado de protección de datos do BBVA no enderezo [dpogrupobbva@bbva.com](mailto:dpogrupobbva@bbva.com)

Poderás presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.agpd.es](http://www.agpd.es))

### **COTITULARIEDADE E SINATURA DIFERIDA**

En caso de contratación a distancia en réxime de cotitularidade, ao aparecer como primeiro titular recoñeces que, coa exclusiva finalidade de xestionar a solicitude, facilitaches ao BBVA os datos de identificación do resto de titulares, ou dalgún deles, que segundo manifestas están interesados en contratar o/s produto/s relacionados neste documento.

O resto de titulares poderá consentir esta solicitude como máximo nos cinco días hábiles seguintes desde a túa sinatura do presente documento, en calquera das canles postas a disposición polo BBVA. En caso contrario a solicitude quedará sen efecto e comunicáremoscho.